



Taboleiro de Anuncios




Asociación Veciñal Cultural e Recreativa San
Mamede de Zamáns



NIF:G36691855
Estrada Zamáns, 251 - 36310 Zamáns (Vigo)
Tfno-Fax:986 468039

Pepe
Estrada , 89
36310 ZAMÁNS - VIGO



Zamáns, 10- Abril -2008

Estimados veciños/as:

Como tódolos anos achegámosvos a programación cultural e iniciativas interesantes para os vindeiros meses.

-San Isidro

Domingo, 18 de maio:

- Ás 9:30 h. misa en Zamáns

-Saída da igrexa co Santo acompañado polos grupos da Asociación, Grume, Xinela e o grupo de pandereteiras Abeleira.

-Ás 11h os representantes de Beade recollen o Santo en Fonte Fría.

Acompañarán ata a Igrexa de Beade os grupos Arume (gaitas), Semente Arte Galega (baile), A Volta do Demo (pandereteiras)

-Ás 12:30h misa en Beade.

- Os que desexen asistir a xantar no bar Horacio ás 14h, apuntádevos no Centro ata o 15 de maio, precio da comida 26€.

-Maio cultural

O domingo 18 de maio actuarán no auditorio ás 21:00h as seguintes corais:

Coral Apóstol Santiago de Vigo.

Coral Polifónica O Son dos Cantares de Mos.

Coral Polifónica San Mamede de Zamáns.

-Actuación das pandereteiras "Abeleira" na cidade da Coruña o 27 de Abril.

Os que desexen acompañar ó grupo poden anotarse antes do 20 de abril no Centro, prazas limitadas.

-Espectáculo infantil

O día 8 de Xuño ás 19 h no auditorio do centro cultural, títeres, compañía Pablo Nojes.

-Recibos socios

Ademáis da programación queremos recordaros que aínda quedan pendentes de pago algúns recibos, debendo abonar 30€ os recibos familiares e 20€ os unifamiliares, o pago pódese efectuar no Centro ou en calquera oficina de Caixanova na conta 2080-0082-4-1-0040004240.

Aproveitamos para poñernos como sempre a vosa disposición e agradecervos a colaboración.

Recibide un cordial saúdo.